

INSTANCIA: PROCESO SELECTIVO

(Cubrir en maiúsculas todos os campos)

Datos do/a aspirante

D/D. ^a		DNI núm.
Enderezo para notificacións (rúa, núm., escaleira, piso, letra, parroquia)		
Concello e Provincia	Código Postal	Teléfono/s

EXPÓN:

Que desexa participar no proceso selectivo de:	<input type="checkbox"/> PERSOAL DE LIMPEZA - LIMPADOR/A
--	--

Por ilo DECLARO:

- Que reúno os requisitos xerais esixidos para poder participar nos procesos selectivos segundo o establecido no artigo 56 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) e demais normativa directamente aplicable.
- Que non estou separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou en calquera dos supostos que contempla a Lei 7/2007 do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89 do 13/04/2007).
- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas inherentes ao posto.

A tal fin, ACHEGO a seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada do documento identificador
- Fotocopia cotexada do carné de conducir
- Copia cotexada do título do Celga 2 ou o equivalente debidamente homologado

Outros documentos (deberá incluír aquí os xustificantes dos méritos alegados que desexa que se lle valoren segundo a base 5.2.):

Polo exposto SOLICITO, previos os trámites oportunos, se me inclúa no mencionado proceso selectivo.

Rianxo, ____ de maio de 2015

Sinatura do solicitante ou representante
(achégase autorización asinada ou poder notarial)

Regulación a ter en conta neste proceso

Sistema de selección (segundo o punto 5 das bases):

5.1 Oposición (Puntuación máxima: 12 puntos)

A fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista en cada unha das probas.

5.1.1 Proba coñecementos do posto de traballo Puntuación máxima: 12 puntos.

Nesta fase o tribunal valorará os coñecementos, a capacidade, ... para a realización dos traballos obxecto do contrato. Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario de vinte preguntas tipo test no tempo máximo que estableza o tribunal.

As preguntas versarán sobre os seguintes temas:

1. *Coñecemento do término municipal: parroquias, lugares, praias (situar en mapa) e coñecemento en xeral*
2. *Limpeza de centros públicos: áreas administrativas, mobiliario, aseos, ...*
3. *Ferramentas e útiles básicos de limpeza*
4. *Limpeza de exteriores*
5. *Aspectos ecolóxicos na limpeza. Eliminación de residuos*
6. *Funcións do persoal de limpeza*
7. *Prevenção de riscos laborais nos traballos de limpeza. Produtos químicos na limpeza*

5.2 Concurso (Puntuación máxima: 4 puntos):

Nesta fase só se avaliará a aquelas persoas que superen a fase de oposición. A fase de concurso non terá carácter eliminatorio e a puntuación obtida nela non poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima non poderá superar o 40 % da puntuación total.

Toda a documentación que o candidato pretenda que se lle tome en conta para o baremo de méritos terá que ser achegada durante o prazo de presentación de solicitudes, non tomándose en consideración a aportada con posterioridade ó remate do dito prazo, que será considerada como achega de nova documentación fóra de prazo.

Terase en conta as seguintes indicacións:

- *O apartado de formación acreditarase mediante fotocopia compulsada dos títulos ou diplomas estendidos ou certificacións expedidas polo Organismo ou centro correspondente coa expresión do curso ou xornada realizada e número de horas.*
- *O apartado de carné de conducir acreditarase cunha copia compulsada do documento acreditativo.*

5.2.1 Cursos de formación relacionados co posto de traballo e sobre materias relacionadas coa prevención de riscos laborais (máximo: 1,5 puntos):

- De 20 a 60 horas: 0,50 puntos
- De 61 a 150 horas: 1 punto
- Máis de 150 horas: 1,50 puntos

5.1.2 Carné de conducir B. Puntuación máxima: 1 punto

5.1.3 Coñecemento do galego (só se valorará o de maior puntuación):

- Celga 3 ou equivalente: 0,25 puntos
- Celga 4 ou superior ou equivalente: 0,50 puntos

5.2.4.- Situación socioeconómica (puntuación máxima 1 punto)

A situación socioeconómica puntuarase con arranxo o seguinte baremo que será recollido nunha declaración responsable que deberán asinar as persoas candidatas, segundo o Anexo II. A acreditación achegarase no momento da realización da proba escrita para a súa avaliación:

1) Número de membros da unidade familiar: <ul style="list-style-type: none">- ata 2 membros: 0 puntos- ata 3 membros: 0,10 puntos- ata 4 membros: 0,25 puntos- mais de 4 membros: 0,50 puntos- monoparental con 1 fillo: 0,25 puntos- monoparental con mais dun fillo: 0,50 puntos	2) Nivel de protección por desemprego: <ul style="list-style-type: none">- perceptor/a de subsidio de desemprego: 0,25 puntos- non perceptor/a de prestacións: 0,50 puntos
	3) Antigüidade como demandante de emprego: <ul style="list-style-type: none">- de 6 a 12 meses: 0,25 puntos- mais de 12 meses: 0,50 puntos
4) Por ter recoñecida discapacidade igual ou superior ó 33% (que lle permita a realización dos traballos inherentes ó posto): 0,25 puntos	
5) Pola súa pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social: 0,25 puntos.	

5.3 Exercicio de galego: APTO ou NON APTO

Este exercicio o realizarán aqueles aspirantes que resulten seleccionados e os suplentes que non estean exentos da realización deste, é dicir, que non contén co certificado expedido polo órgano competente. O exercicio consistirá en manter unha conversa no idioma galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega. O tempo mínimo para a realización de dita proba será de 5 minutos.

Realización do proceso:

1) Publicación do anuncio (13/05/2015)

2) Presentación das instancias no Rexistro xeral do Concello (ata as 14:00h do día 19/05/2015). No suposto de presentarse a instancia fóra do rexistro xeral do Concello, sexa nalgún rexistro autorizado da Xunta de Galicia ou nalgunha oficina de correos, será necesario adiantala por fax ao núm. 981.866.628 ou 981.843.629, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta. De recibirse ditos avisos esperarase un máximo de cinco días hábiles para a recepción efectiva da documentación; pasado este prazo elaborárase a lista de persoas admitidas e excluídas.

3) Publicación no taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web municipal e na sede electrónica das listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas nos vinte días seguintes ao remate do prazo de presentación de instancias.

4) Prazo de reclamacións: 3 días hábiles

5) Publicación no taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web municipal e na sede electrónica da resolución das reclamacións, das listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas, composición do tribunal, lugar, data e hora de realización das probas.

Información completa: pode obter a información completa do proceso no sitio web municipal concelloderianxo.es e na Sede electrónica sede.concelloderianxo.es.